

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) SOBRE INVESTIMENTOS EN ENERXÍAS RENOVABLES NO MEDIO RURAL

Santiago de Compostela, a 22 de abril de 2010


REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Antonio Crespo Iglesias, na súa condición de director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), no uso das facultades do seu cargo recollidas no acordo adoptado polo Consello de Dirección de AGADER na súa reunión do 21 de xuño de 2007.


Doutra parte, o Sr. D. Eliseo Diéguez García, director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), actuando en representación do mesmo ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 8 da Lei 3/1999, do 11 de marzo, da súa creación.

Ámbalas partes recoñécense a súa competencia e capacidade para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN



Primeiro. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ente de dereito público creado pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo –modificada pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural-, é un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no medio rural, tendo atribuídas pola súa lei de creación as funcións de fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.



Segundo. Segundo a Lei 12/2008, do 3 de decembro e o Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de AGADER, esta asume, entre outras, as funcións de difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento, impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais, e calquera outra acción que teña por obxectivo contribuír de forma eficaz á diversificación económica e á modernización do tecido produtivo rural.

Terceiro. As posibilidades de actuación de AGADER de cara a mellorar a calidade de vida e a diversificación da economía no medio rural son moi diversas segundo se recolle nas

diferentes medidas contempladas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), confluindo coas competencias de diferentes administracións e entidades ou organismo públicos.

Cuarto. Que o INEGA é un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que consisten no fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficacia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.


Para o exercicio das súas funcións, pode establecer convenios e contratos con institucións públicas e/ou privadas no ámbito das súas funcións, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxías.

Quinto. Tendo en conta que tanto AGADER como o INEGA teñen dispoñibilidades crediticias para abordar actuacións no ámbito do sector das enerxías renovables, ambas partes consideran conveniente e necesario establecer unha demarcación clara e coordinada entre ambas dúas entidades, ao obxecto de lograr a máxima optimización na utilización dos fondos públicos dispoñibles.

Por todo o exposto e en aras de manter o espírito de colaboración que preside a actuación de ambas dúas entidades, acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se vai rexer polas seguintes

CLÁUSULAS


Primeira. Obxecto do convenio



O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre AGADER e o INEGA respecto das actuacións públicas de apoio ás enerxías renovables a realizar no medio rural da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo que se estableza unha clara demarcación entre as que poderán recibir axuda no marco das liñas de actuación de AGADER e as que poderán ser subvencionadas polo INEGA.

Tamén servirá de base para realizar calquera tipo de actividades que as dúas partes consideren de interese mutuo e que se concretarán a través dos oportunos acordos.

Segunda. Financiamento de actuacións



No marco do presente convenio, o financiamento de AGADER e o INEGA das actuacións públicas dirixidas aos investimentos de fomento e posta en marcha de instalacións de enerxías renovables en zonas rurais de Galicia afrontarase cos seus respectivos créditos orzamentarios de acordo coas condicións e requisitos que sinalen as oportunas bases

reguladoras de cada convocatoria, así como os criterios que se recollen nas cláusulas seguintes.


Terceira. Actuacións a desenvolver con cargo ás subvencións aos proxectos dinamizadores (AGADER)

AGADER concentrará todos os fondos dispoñibles para o fomento das enerxías renovables na medida IV (Servizos básicos para a economía e a poboación rural) das súas bases reguladoras (Resolución do 15 de decembro de 2009, DOG nº 250, do 24 de decembro), orientándoa exclusivamente á Administración pública local para proxectos de enerxía renovable solar, tanto térmica como fotovoltaica, de envergadura limitada, en cubertas de instalacións municipais.

A potencia dos proxectos de enerxía solar fotovoltaica non poderá superar os 40 kW; e os proxectos de enerxía solar térmica non poderán superar unha superficie de 150 m² de paneis se o destino da enerxía é o quentamento de piscinas, 50 m² se é para polideportivos e 35 m² para o resto das edificacións.


Nos proxectos que impliquen o aproveitamento de enerxías renovables, no caso da enerxía solar térmica, non serán subvencionables aquelas instalacións dedicadas á xeración de auga quente sanitaria (AQS) ou climatización de piscinas que sexan obrigatorias en virtude do documento básico HE 4-Contribución solar mínima de auga quente sanitaria do Código Técnico da Edificación (CTE), aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, independentemente da porcentaxe de contribución solar que cubra a instalación solar proxectada nestes usos. Para instalacións afectadas polo CTE que tamén se dedican a outras aplicacións non obrigadas pola normativa, só se poderá obter axuda pola parte correspondente a estas últimas aplicacións.

AGADER, polo tanto, atenderá todos os proxectos presentados pola Administración pública local que se axusten tanto ao tipo de enerxía (solar térmica e fotovoltaica) como ás restricións establecidas. O INEGA atenderá o resto de beneficiarios e aqueles proxectos promovidos pola Administración pública local que superen as restricións sinaladas.



Cuarta. Actuacións a desenvolver con cargo as liñas de subvencións do INEGA

Todas aquelas que poidan obter axudas do INEGA a través das correspondentes resolucións, agás as sinaladas na cláusula terceira deste convenio.



Quinta. Tipo e intensidade das axudas

As axudas concedidas por AGADER consistirán en subvencións de capital, segundo se recolla nas correspondentes bases reguladoras das axudas. A súa intensidade poderá alcanzar o límite máximo que prevexan as mencionadas bases reguladoras e sempre dentro dos límites fixados polo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión CE(2008) 703, do 15 de febreiro.

Igualmente, as axudas concedidas polo INEGA axustaranse ás normas por tipoloxía aplicada que se recollan nas resolucións de convocatoria das axudas.

Sexta. Concorrenza de subvencións e control técnico-administrativo


Ao obxecto de evitar a concorrenza indebida de subvencións AGADER e o INEGA intercambiarán a relación de solicitudes presentadas ao abeiro das súas respectivas convocatorias que teñan como solicitantes a Administración pública local de Galicia e fagan referencia á enerxía solar térmica e fotovoltaica, así como a relación final daquelas que obtiveran subvención, con expresión do beneficiario, título do proxecto de que se trate, subvención concedida e porcentaxe desta respecto ao presuposto aceptado.

Ademais, AGADER comunicará ao INEGA a relación daqueles proxectos, a que fai referencia a cláusula terceira, sobre os que emita informe favorable de control de elixibilidade ao obxecto de que poidan ser supervisados por técnicos do INEGA, que emitirán unha ficha previa de viabilidade, nun prazo non superior a un mes, ao obxecto de que AGADER poida resolver a selección de proxectos coas garantías, técnicas e normativas referentes ao sector enerxético, necesarias e dentro do prazo estipulado nas bases reguladoras das axudas.

Sétima. Emisión de autorizacións enerxéticas


Todos os investimentos aos que se refire este convenio deben cumprir os requisitos esixidos pola normativa enerxética para a súa autorización, e AGADER non procederá ao pagamento final se a actuación non dispón da autorización pertinente.

Oitava. Vixencia.



O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2010, considerándose prorrogado tacitamente se non o solicita de maneira expresa calquera das partes, cando menos, cun mes de antelación.

Novena. Comisión de seguimento e solución de controversias



Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por catro persoas: o director xeral de AGADER e o director do INEGA, ou persoas que designen en substitución, e un representante máis por cada unha das partes designado por aqueles.


Esta Comisión terá as seguintes funcións:

- Resolver os problemas e controversias que poda suscitar o convenio na súa execución
- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos
- Realizar o seguimento do financiamento público concorrente de AGADER e o INEGA sobre os proxectos incluídos no ámbito de actuación das partes
- Servir de canle para a cooperación institucional entre as partes

A Comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Este convenio ten natureza administrativa. As controversias que non sexan resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse ao procedemento de solución de conflitos interadministrativos entre as consellerías de Medio Rural e de Economía e Industria, ás que están adscritas, respectivamente, AGADER e o INEGA.

Lido o presente convenio por ámbalas dúas partes, en proba de conformidade asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidadé e data arriba indicados.



Antonio Crespo Iglesias
Director xeral de AGADER



Eliseo Diéguez García
Director do INEGA